- Sesión explicativa do funcionamento da Biblioteca. Na primeira semana de clases realizouse por parte do persoal da Biblioteca da Facultade unha sesión explicativa da organización, acceso e posibilidades que a Biblioteca ofrece ao alumnado no seu proceso formativo.

Valórase positivamente a utilidade destas actividades e enténdese que, como acción de mellora, podería

ampliarse a acollida cunha sesión explicativa do campus virtual para facilitar a implicación do alumnado de novo ingreso nas aulas virtuais desde o primeiro momento.

4. ***Apoio e orientación aos estudantes***

- Programa alumno-titor.

Durante o curso 2012-2013 o Programa contou cunha alumna titora que desenvolveu a súas función de apoio tanto a alumnado de 1º como nas visitas do alumnado de secundaria. Na convocatoria realizada de cara ao exercicio de titor no 2013-2014, houbo dúas candidaturas ás 4 prazas dispoñibles. Como necesidade de mellora está o facer maior difusión do programa a través das aulas virtuais de coordinación, a maiores da información nos taboleiros e web da facultade (como se viña facendo).

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Sesión formativa sobre o funcionamento da Biblioteca para alumnado de novo ingreso
- Sesión formativa sobre o campus virtual da USC para alumnado de novo ingreso a realizar na primeira ou segunda semana do curso 2013-2014.
- Incrementar a difusión e sensibilización do Programa Alumno-Titor.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Planificación das ensinanzas

*Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O criterio e directrices recollidas no apartado Planificación das Ensinanzas valóranse en liñas xerais satisfactoriamente, se ben algúns elemento da planificación e as estratexias de desenvolvemento deberán ser obxecto de reflexión pormenorizada a partir do curso 2013-2014 unha vez rematado o primeiro ano de implantación de todos os cursos do Grao.

1. ***Estrutura do programa formativo***:
   Os seis módulos nos que se organiza a estrutura do Grao en Educación Social valóranse totalmente axeitados para realizar un aproximación secuenciada e progresiva aos saberes e competencias requiridos. Iníciase cos módulos que achegan unha visión do alcance e significado dos procesos educativos no seo da sociedade (1º curso); avánzase naqueles outros que inciden no estudo das características da profesión, axentes, institucións educadoras e recursos na Educación Social (2º curso); concrétase cun módulo que contempla os procesos de planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación da acción socioeducativa en diversos contextos e realidades sociais (3º e primeiro cuadrimestre de 4º curso); culmina, no segundo cuadrimestre de 4º curso, cun módulo que aborda os procesos de innovación no ámbito profesional da Educación Social.

2. ***Horarios***
   A organización de horarios na Facultade de Ciencias da Educación (campus Vida) é un dificilísimo exercicio de encaixe entre o moi elevado número da alumnos que reúnen as 2 titulacións de Grao e os 3 de Master, unhas dependencias compartidas por varios Títulos (e que obriga ao establecemento de quendas) e o cumprimento dos calendarios de Practicum (que implica comprimir cuadrimestres para acudir no tempo previsto ás institucións). Polo tanto resulta moi difícil organizar horarios óptimos para o desenvolvemento da docencia e que á súa vez liberen tempo para a preparación de traballos en grupo por parte do alumnado, para as visitas a institucións, para o traballo persoal …
   Mostra desta dificultade é a valoración que o alumnado do Grao en Educación Social fai dos horarios na enquisa aplicada en 2º e 4º curso. O ítem 13 contiña a seguinte formulación: *"a organización dos horarios das clases (quendas, duración, descanso) posibilita o traballo persoal e/ou grupo"*.
   - Os alumnos e alumnas de 2º valoran cunha puntuación de 2,95 (escala 1-5) o devandito ítem.
   - O alumnado de 4º, moi afectado por un primeiro cuadrimestre cunha organización horaria totalmente intensiva e agotadora por ter que incorporarse ao Practicum II, valora o ítem en 2,60. Entendemos que a valoración vese atenuada pola mellora de condicións no segundo cuadrimestre, pero aluden a "saturación do primeiro con xornadas completas e mañá e tarde". Neste sentido entendeuse preciso solicitar o cambio de cuadrimestre da materia Practicum II que permitise mellorar a organización horaria de 4º no curso 2013-2014, cambio que foi concedido.

**3. *Mecanismos de coordinación docente***

Desenvolvéronse mecanismos efectivos de coordinación directa no Grao, positivamente valorados polo conxunto do profesorado:

- Reunións xerais entre a coordinadora do Grao e as coordinadoras/coordinador de curso: inicial e final de primeiro e segundo cuadrimestre.
    - Planificación anual
    - Presentación colexiada do profesorado de cada cuadrimestre en cada curso
    - Planificación, aplicación e análise das enquisas de avaliación
    - Análise dos resultados de avaliación
    - Planificación do inicio do curso 2013-2014
- Reunións de cada coordinadora/or de curso co profesorado correspondente coas seguintes finalidades:
    - Planificación inicial. Revisión de encargos docentes ao alumnado coa finalidade de equilibrar esixencias e racionalizar prazos de entrega
    - Reunión final de 1º cuadrimestre para realizar unha avaliación global e informar ao profesorado do 2º cuadrimestre do desenvolvemento do curso ata ese momento
    - Reunión inicial de 2º cuadrimestre
    - Revisión de programas, fundamentalmente no apartado avaliación para esclarecer criterios e encargos e mellorar a elaboración dos programas do seguinte ano
- Realizáronse periódicas de cada coordinadora/r de curso co alumnado, tanto coas delegadas como co conxunto do grupo.
- Realizáronse reunións entre as Coordinacións de Graos da facultade e o Decanato para planificar actividades conxuntas nas Titulacións.

**4. *Programación docente*.**

Todas as materias da titulación teñen dispoñibles na páxina web correspondente os seus programas, (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9) fundamentalmente nos dous idiomas oficiais.

Como se sinalou no apartado Competencias- Obxectivos, realizouse por parte das coordinacións de curso un labor de revisión dos programas e todas as materias. Como resultado desenvolvéronse dúas accións para o profesorado:

- Comunicación persoal dos elementos mellorables nos programas da súa materia/s
- Elaboración e envío no mes de maio de 2013 dun documento orientativo de carácter xeral (contido descrito no apartado Competencias e Obxectivos deste informe), previo ás datas de actualización de programas para o curso 2013-2014.

***5. Sistema de avaliación***

O grao de cumprimento dos prazos establecidos para a avaliación do alumnado é aceptable atendendo aos resultados do indicador IXA-04 que valora a porcentaxe de actas fóra de prazo. No grao en Educación Social 8 das 85 actas das materias non cumpriron os prazos establecidos, que se concreta nunha porcentaxe do 9,41%.

**6. *Traballo Fin de Grao***

Planificouse axeitadamente o conxunto de tarefas que require a materia Traballo Fin de Grao. Deseñouse a Guía pola Comisión correspondente; solicitouse ao profesorado a listaxe de temas a dirixir; adxudicouse ao alumnado atendendo, en primeiro lugar ao criterios de preferencia temática e, no caso de necesidade, ao expediente

académico; elaborouse un documento orientativo para a avaliación destinado aos tribunais.

Sobre un total de 60 alumnas e alumnos matriculados en 4º curso na materia TFG, 42 eran de nova matrícula e 18 repetidores. Deste total 32 alumnas e alumnos defenderon o seu traballo, o que se corresponde cunha porcentaxe do 53,3%, mellorable a todas luces. A novidade e incertidume sobre o desenvolvemento da materia, tanto entre o alumnado como no profesorado, poden estar na base desta porcentaxe que debe ser obxecto de seguimento desde a Coordinación de título e de 4º curso. Neste sentido a colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia na creación do Premio para os mellores TFG presentados nas universidades galegas sinalado no apartado Xustificación deste informe, pode representar un estímulo interesante na mellora deste resultado.

Quere subliñarse o enorme esforzo realizado polo profesorado cos Traballos Fin de Grao, cunha implicación e dedicación horaria que desborda o marco administrativo das responsabilidades ao respecto. Enténdese que a regulamentación desta cuestión -que desborda o ámbito de responsabilidades da Facultade-, debe formar parte das accións de mellora das autoridades académicas pertinentes.

## *7. Practicum*

Para a realización das materias Practicum 1 (3º curso) e Practicum 2 (4º curso) o Grao dispón de 60 convenios asinados con institucións que deron lugar a 140 prazas ofertadas. Previamente realizouse o proceso de actualización da base de datos de convenios, non só como esixencia académica anual, senón pola enorme incidencia dos recortes orzamentarios en políticas de educación e benestar social. Como consecuencia confirmamos o peche de organismos, institucións e programas receptores do noso alumnado así como o despido de profesionais titores nas institucións con consecuencias negativas –ademais de socialmente- na planificación e desenvolvemento das materias.

O estudo de satisfacción co proceso realizouse internamente por dúas vías:

- Alumnado 4º: a través da enquisa aplicada no bloque específico *Prácticas* (ítems 14 a18). O alumnado realiza en conxunto unha avaliación positiva, se ben con marxe de mellora. Nunha escala 1-5 os resultados obtidos son:
    - 3,8: axuste das prácticas ao establecido no programa
    - 3,9: consonancia das funcións realizadas co perfil profesional
    - 3,4: fluidez da coordinación titor/a de centro con supervisor/a da facultade
    - 3,5: grao de acompañamento do supervisor/a na facultade
    - 4,0: grao de acompañamento do titor/a de centro

- Alumnado egresado: Os procesos avaliativos realizados desde a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade achegan outros datos de interese (https://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html)
    - O número de estudantes egresados do título que realizaron prácticas foi de 22 sobre un total de 32 o que segundo o indicador IN21-PC-09 supón unha porcentaxe do 68,75 %.
    - Na enquisa a egresados a pregunta relativa ao grao de utilidade das prácticas en empresas ou institucións para completar a formación recibida no título, no caso de telas realizado (Pract.): acada a valoración máxima de 5 (escala 1-5)

- Profesorado: Realizouse unha reunión final dos Practicum 1 e 2 co profesorado, no que se detectaron algunhas institucións que non resultan adecuadas e coas que non se contará na oferta do curso 2013-2014. Globalmente as satisfacción dos titores e titoras académicas da Titulación cos programas de prácticas externas (IN20-PC-09) acada unha media de 3,7 puntuación concordante cos resultados da enquisa de alumnado realizada na facultade.

***8. Normalización lingüística***

Continuando co impulso á normalización lingüística que se desenvolve activamente por parte da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade, proponse por parte do seu presidente, Vicedecano Xesús Rodríguez, que a sexta edición da Xornada Os Recursos Educativos en Galegos sexa dedicada á Educación Social. A iniciativa que terá lugar en novembro de 2013 (curso 2013-2014) comeza a planificarse desde a Comisión en colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no segundo cuadrimestre do curso.

***9. Procesos participativos do alumnado***

Desde o Grao de Educación Social estímase oportuno iniciar un proceso que permita mellorar a implicación e participación do alumnado no desenvolvemento da Titulación e na actividade da Facultade. Desde as coordinacións do título e de cursos acórdase comezar polas figuras de delegadas/os, desenvolvendo unha acción de mellora para o curso 2013-2014. Tería como finalidade principal motivar candidaturas e avanzar no desenvolvemento dun proceso de elección con maior implicación de cada grupo-clase, e con maior formalidade e rigor respecto ao proceso e os seus resultados.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Revisión e proposta de mellora dos programas de cada materia por parte da Coordinación do curso correspondente.
- Elaboración desde a Coordinacións (Titulación e de cursos) dun documento orientativo para a mellora dos programas do curso 2013-2014

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Reorganización horaria do primeiro e segundo cuadrimestre de 4º curso.
- Organizar as Xornadas de Recursos educativos sobre a educación social
- Elección de delegados

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A valoración xeral do cumprimento deste criterio no curso 2012-13 considérase suficiente para o desenvolvemento do Grao en Educación Social segundo os indicadores manexados.

**1.** Sobre a preparación do persoal académico para impartir o Grao, os tres indicadores que se recollen a continuación salientan a súa alta cualificación en docencia e investigación, que mesmo se teñen mellorado de forma progresiva ano tras ano como se constata na evolución que se amosa:

- No curso 2012-13, a *porcentaxe de PDI a tempo completo con sexenios por PDI a tempo completo con quinquenios* (indicador IN23-PS-01) situouse no 58,6%, nun proceso de incremento progresivo respecto dos cursos anteriores (curso 2010-11: 50%; curso 2011-2012 51,7%).
- A *porcentaxe de PDI Doutor sobre o total do PDI con docencia no Grao* (indicador IN24-PS-01) foi do 86,49%, aumentando tamén os valores de cursos anteriores (2010-11: 80,65%; 2011-12: 79,75%).
- Finalmente, do total do PDI con responsabilidades docentes no Grao, o 64,86% son *PDI funcionario* (indicador IN25-PS-01), seguindo igualmente unha tónica positiva respecto a anteriores cursos (2011-2012: 63,9%)

**2.** En relación ao número de alumnado por grupo, a titulación manexou no 2012-2013 cifras asumibles -en termos globais- para o desempeño docente como se constata nos datos dos indicadores que se sinalan. Quérese destacar, non obstante, unha tendencia de incremento nos valores destes indicadores que dan conta dos recortes en política de persoal que poden agravar e deteriorar as condicións para o desenvolvemento dunha docencia de calidade.

- A *media de alumnos por grupo de teoría* estivo en 65,71 (indicador IN30-PS-01) e en 21,96 no *grupo de práctica* (indicador IN31-PS-01).
- A *ratio estudantes/profesor-a* (indicador IN29-PS-01) sitouse en 8,97, valor que ascende a 9,0 se tomamos o indicador *estudantes/profesor-a a tempo completo* accesibles na información facilitada pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC (https://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html). Se ben puidera apreciarse como un valor asumible, quere destacarse o notorio incremento respecto a cursos anteriores (curso 2010-11: 6,22; curso 2011-12: 3,34) situándose entre as ratios máis elevadas do conxunto das titulacións da USC entre as que so 10 de 45 titulacións obteñen un valor de 9,0 ou máis. A situación foi particularmente grave na docencia da materia Traballo Fin de Grao cunha sobrecarga de traballo no PDI asignado, cun recoñecemento en dedicación docente imposible para un desempeño de calidade e insultante para a profesión e o alumnado.

**3.** O grao de satisfacción de docentes e discentes coa docencia impartida / recibida é outro aspecto destacable na valoración deste criterio.

- En canto ao *nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida* (indicador IN50-S01-PM-01), no curso

2012-13 acadouse un valor medio de 3,83 (nunha escala de 1 a 5), igual que o curso anterior.

- Sobre á *satisfacción do profesorado coa docencia impartida* (indicador IN51-S01-PM-01) a media situouse nun 3,44 (escala de 1 a 5). Ambos indicadores, de valor semellante, sendo satisfactorios, son susceptibles de mellora.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-A satisfacción do docente podería verse mellorada incrementando as accións de coordinación entre o profesorado. Na práctica, a implementación e uso de aulas virtuais de coordinación por curso e de coordinación xeral do Grao, podería aportar beneficios ao desenvolvemento da docencia e, polo tanto, tamén se podería reflectir na satisfacción do alumnado.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O criterio "Recursos materiais e servizos" e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" valóranse en termos globais satisfactoriamente. A análise dos diversos indicadores e elementos apunta, non obstante, á posibilidade de mellora nalgúns aspectos compartidos polo conxunto de titulacións da facultade.

### *1. Equipamento e aulas informáticas*

- Atendendo aos datos achegados pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html) a Facultade dispón de 96 ordenadores (indicador IN32-PS-02) conectados á rede para docencia, para un total de 2200 alumnas e alumnos que nela se desenvolven, lonxe da dotación doutros centros da USC con menor volume de alumnado. Atendendo á relación entre estes e o número de estudantes equivalentes a tempo completo (indicador IN33-PS-02) tradúcese nun valor de 5,6 porcentaxe superada por 16 dos 28 centros da USC. En canto a ordenadores para "non docencia" (indicador IN34-PS-02) dispóñense de 39 na Facultade, que se traduce nun valor de 2,3 (indicador IN35-PS-02) ao relacionalos co número de estudantes equivalentes a tempo completo.

- Existen na facultade dúas aulas de informática -unha é de uso libre, e outra destinada á docencia especializada- xestionadas a través da Rede de Aulas Informáticas da USC. A aula de uso libre precisa unha reestruturación nos horarios de apertura considerados insuficientes tanto polo alumnado do Grao en Educación Social como polo das outras titulacións da facultade. Concretamente o alumnado de Educación Social valora este servizo negativamente na enquisa aplicada cunha media de 2,5 e 2,6 puntos (escala 1-5) respectivamente en 2º e 4º curso. Aluden a horarios non axustados ás súas necesidades e equipamentos informáticos lentos; Na aula dispoñen de 16 ordenadores e unha impresora e, de feito, trece equipos deberían actualizarse por estar obsoletos. Conviría revisar as condicións deste servizo mellorando a dotación e ampliando horarios, especialmente no máis demandado, o de mañá, que multiplica por máis de 2 o número de usuarios (237,2 fronte a 96,1 pola tarde). Igualmente quérese insistir na solicitude de adecuación do calendario de apertura das aulas de informática ao novo calendario académico, que segue sen solucionarse e que recollíamos na memoria de 2011-2012 como unha proposta de mellora.

- A rede WIFI é accesible en toda a Facultade ao ter procedido a unha ampliación no curso 2012-2013.

- O profesorado, ademais do ordenador do que dispón no despacho da facultade, conta con outros recursos a disposición para o seu uso en diversos espazos e funcións (ordenadores portátiles, canón de vídeo, cámaras de

vídeo …) xestionados desde a conserxería da Facultade. Cómpre sinalar que en 2012-2013 renovándonse os ordenadores portátiles.

- Disponse tamén da dotación para videoconferencias instalada na Aula Sarmiento da Facultade.

***2. Biblioteca***

A Biblioteca Intercentros de Ciencias da Educación e Psicoloxía conta cun total de 108.554 volumes (monografías), 1461 títulos de revista (309 con subscrición aberta), e un total de 324 postos de lectura, totalmente insuficientes e lonxe dos 440 (ratio recomendada 1 posto/5 alumnas-os) que correspondería atendendo só a matrícula en Educación, e sen contar coa suma total co alumnado de Psicoloxía que elevaría a 660 esta cifra. É un servizo moi recoñecido polo alumnado e o profesorado, no que se dispón do 90% das referencias bibliográficas recomendadas nos programas das materias polo profesorado.

Quere destacarse a positiva valoración que o alumnado outorga a este servizo, como se pon de manifesto nos resultados da enquisa aplicada a alumnado de 2º e 4º curso do Grao en Educación Social, cunha media de 3,85 e 4,20 respectivamente nunha escala 1-5

***3. Espazos e aulas***

Procedeuse durante o curso 2012-2103 ao plan de mellora recollido no informe 2011-2012, renovándose o mobiliario de aulas coa substitución das cadeiras de pá e mobiliario fixo por mesas máis amplas e libres que permiten a reorganización espacial en función de diversas propostas de actividades (traballos en pequeno e gran grupo).

***4. Servizo de Recursos Psicopedagóxicos***

A implementación do Servizos de Recursos Psicopedagóxicos foi unha das boas prácticas indicadas no informe de seguimento de 2011-2012. Non obstante a política de recortes económicos en educación imposibilitou a contratación dunha bolseira ou bolseiro que permitira dinamizar en maior medida o seu funcionamento; de feito a valoración do alumnado de 2º e 4º curso respecto do mesmo acada unha puntuación media de 2,66 e 2,50 respectivamente. Para o curso 2013-2014 proponse unha acción de mellora deste servizo que permita ampliación de horario reducida a 8 horas semanais ata agora; a ampliación do catálogo de probas dispoñibles para empréstito; e o cambio de emprazamento que permita ampliar o espazo dispoñible, tanto para a ampliación do arquivo como para incrementar a dispoñibilidade de postos de consulta na sala ou o traballo en grupo.

***4. Outros servizos***

O ítem 23 do cuestionario aplicado ao alumnado interesábase pola valoración dos servizos de conserxería, cafetería e reprografía que acadan unha puntuación media aceptable (3,68 en 2º curso e de 3,8 en 4º curso).

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Formular unha proposta de mellora da Aula de Informática en conxunto coa coordinadora da mesma.
- Ampliación do horario de atención do Servizo Psicopedagóxico e do catálogo con novas probas dispoñibles para empréstito (ata 20 probas novas) e cambio do emprazamento do servizo para ampliar o espazo físico dispoñible.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Resultados previstos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O grao de cumprimento do criterio "resultados previstos" é das directrices *"Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos"* e *"Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT* son satisfactorios conforme se pon de manifesto na consistencia dos resultados e na progresión positiva de todos os indicadores ao longo dos cursos.

- A ***taxa de rendemento*** do alumnado (indicador IN40-S01-PM-01) no curso 2012-2013 foi do 85,92%. Esta taxa presenta na Titulación unha progresión moi positiva ao longo dos catro cursos de implantación do Grao (2009-10: 72,6%; 2010-11: 78,6%; 2011-2012: 84,4%; 2012-13: 85,92%), cunha diferenza de 13 puntos entre o primeiro e o último ano. O resultado da taxa no ano analizado sitúa ao Grao en Educación Social no 8º posto entre as 48 Titulacións da USC (http://usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html)

- Igualmente apréciase esta tendencia na ***taxa de éxito*** (IN41-S01-PM-01). No curso 2012-2013 acadou unha porcentaxe do 94,69%; nos tres cursos anteriores foi do 85,2% (2009-10); 86,1% (2010-2011) e 93,0% (2012-2013). O Grao en Educación Social sitúase neste indicador no 8º posto entre as 48 titulacións da USC. (http://usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html)

- A ***taxa de avaliación*** foi do 90,74%, incrementándose progresivamente desde o curso 2009-2010: 85,2%; 2010-2011:86,1%; 2011-2012: 90,70%.

- A ***taxa de eficiencia*** (IN45-S01-PM-01) acada un valor do 100,4 superando o valor do 90% previsto no apartado 8 da Memoria para a Verificación do Título e situándose no 2º lugar entre as 29 titulacións da USC para as que se dispón de datos relativos ao curso 2012-2013 (http://usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html)

O conxunto de indicadores amosa un desenvolvemento adecuado da Titulación, superando incluso as previsións que se recollen na Memoria para a Verificación do Título.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|

| | |
|---|---|
| | |

## Sistema de garantía da calidade

*Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O desenvolvemento do criterio "Sistema de garantía de calidade" valórase satisfactoriamente. Cómpre ao respecto sinalar o que segue:

- Na Facultade de Ciencias da Educación estase procedendo a adaptar ás propias características o Manual Simplificado do Sistema Interno de Garantía de Calidade, atendendo aos requirimentos do Sistema marco que a Universidade de Santiago de Compostela aprobou en maio de 2013 (http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html)

- En relación á satisfacción dos colectivos implicados, desenvolveuse no presente curso a enquisa para o alumnado comentada en apartados anteriores no 2º e 4º curso da titulación.

- A Comisión do Título funcionou con normalidade ao longo do curso.

- Sinalar que segundo o indicador do SIGC IN52-PM-02, a taxa de resposta nas medicións realizadas entre as e os participantes no Grao (egresados, alumnado coa docencia recibida, profesorado coa docencia impartida, prácticas externas, mobilidade) é do 37.23%. Cumpriría impulsar a motivación do conxunto de implicadas e implicados nos procesos participativos, que iniciamos coa liña da acción de mellora prevista neste informe respecto á elección dos delegados e delegadas de curso.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Calendario de implantación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |
| **Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**<br>O calendario de implantación segue satisfactoriamente as previsións da Memoria de Verificación do Título, poñéndose en marcha neste curso 2012-13 o cuarto curso do Grao que completará a totalidade da Titulación. Tanto o Curso Ponte como as medidas extraordinarias de recuperación para o alumnado do extinguido Plano de estudos da Diplomatura en Educación Social, desenvolvéronse con normalidade,atendendo á planificación prevista. | | | | | | | |
| **BOAS PRÁCTICAS:** | | | | | | | |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:** | | | | | | | |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, …)** |
| | |
| | |
| | |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, …)** |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

## 5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-1 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: XUSTIFICACÍON DO TÍTULO |
| | Definición | Análise causa | Mellorar a implicación do alumnado en actividades de formación e difusión da profesión e incrementar a motivación para presentar os T.F.G. |
| | | Definición/ descrición proposta | Ampliar as liñas de participación e colaboración entre o alumnado o profesorado e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Data inicio | Setembro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinadora da Titulación |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinadoras e coordinadores de curso<br>Delegadas e delegados de curso<br>CEESG |
| Tarefa 1 | | Código | AM-1-1 |
| | | Descrición tarefa | Creación dun comité mixto para a Organización do Día Mundial da Educación Social (2 de novembro) |
| | | Data prevista de finalización | novembro 2013 |
| | | Persoa responsable | Coordinación de Titulación<br>Coordinadoras e coordinadores de curso<br>Delegadas e delegados de curso<br>CEESG |
| | | Usuario responsable | Coordinadora da Titulación |
| Tarefa 2 | | Código | AM-1-2 |
| | | Descrición tarefa | Colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no deseño dun premio aos mellores Traballos Fin de Grao que tería a súa primeira edición no curso 2013-2014 |

| | | |
|---|---|---|
| | **Data prevista de finalización** | Xullo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Coordinadora da Titulación<br>Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |
| **Tarefa 3** | **Código** | AM-1-3 |
| | **Descrición tarefa** | Incorporar un enlace (acceso directo) á páxina WEB do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia desde a web da Facultade de Ciencias da Educación |
| | **Data prevista de finalización** | Marzo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Webmaster- Vicedecano de Calidade |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-2 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: COMPETENCIAS/OBXECTIVOS |
| | Definición | Análise causa | • Necesidade de constatar a evolución da satisfacción do alumnado ao longo dos cursos.<br>• Necesidade de dispoñer de datos sobre a valoración do logro de competencias entre alumnado de 4º curso, egresados da 1ª promoción (curso 2012-2103) e profesorado da titulación. |
| | | Definición/ descrición proposta | Aplicación da enquisa de avaliación de satisfacción entre o alumnado do Grao. Aplicación dunha grella de valoración de competencias. |
| | | Data prevista de finalización | Xuño 2014 |
| | | Data inicio | Novembro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinadora da Titulación |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinacións de curso |
| Tarefa 1 | | Código | AM-2-1 |
| | | Descrición tarefa | Aplicación e análise da enquisa de satisfacción de 1º a 4º curso en cada semestre. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Persoa responsable | Coordinacións de curso |
| | | Usuario responsable | Coordinadora da Titulación |
| Tarefa 2 | | Código | AM-4-2 |

| | | |
|---|---|---|
| | **Descrición tarefa** | Aplicación e análise da grella de valoración de competencias nunha mostra de alumnado de 4º, egresadas/os e profesorado. |
| | **Data prevista de finalización** | Xullo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Coordinacións de curso |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-3 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de incrementar a información do alumnado de 1º curso sobre os recursos, servizos e iniciativas da Facultade. |
| | | Definición/ descrición proposta | Xornadas formativas sobre a Biblioteca e o Campus Virtual.<br>Incrementar a difusión e sensibilización do Programa Alumno-Titor da USC |
| | | Data prevista de finalización | Marzo 2014 |
| | | Data inicio | Setembro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinadora da Titulación |
| | | Outros responsables da implantación | Persoal de Administración e Servizos da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación – Persoal do CETA- Coordinación de 1º curso- Coordinador do Programa Alumno-Titor na Facultade. |
| Tarefa 1 | | Código | AM-3-1 |
| | | Descrición tarefa | Xornada de presentación da Biblioteca |
| | | Data prevista de finalización | Setembro 2013 (1ª semana) |
| | | Persoa responsable | Coordinadora de 1º curso – Persoal de Administración e Servizos da Biblioteca |
| | | Usuario responsable | Coordinadora da Titulación |
| Tarefa 2 | | Código | AM-3-2 |

| | | |
|---|---|---|
| | **Descrición tarefa** | Sesión formativa sobre o funcionamento do Campus Virtual |
| | **Data prevista de finalización** | Setembro 2013 (2ª semana) |
| | **Persoa responsable** | Coordinadora de 1º curso -Persoal do CETA |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |
| **Tarefa 3** | **Código** | AM-3-3 |
| | **Descrición tarefa** | Incrementar a difusión e sensibilización do Programa Alumno-Titor da USC |
| | **Data prevista de finalización** | Marzo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Coordinador do Programa Alumno-Titor na Facultade – Coordinacións de cursos |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

<table>
<tr><th colspan="4">ACCIÓNS DE MELLORA</th></tr>
<tr><td rowspan="9">Definición</td><td rowspan="2">Acción de mellora</td><td>Código</td><td>AM-4</td></tr>
<tr><td>Tipo</td><td>Accións de Mellora</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Orixe</td><td>Orixe acción</td><td>Informe de Seguimento</td></tr>
<tr><td>Descrición orixe</td><td>Criterio: PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS</td></tr>
<tr><td rowspan="5">Definición</td><td>Análise causa</td><td>Incrementar a información e participación activa do alumnado e o profesorado na toma de decisións da coordinación do título de Grao.<br>Incrementar os coñecementos do estudantado sobre os recursos existentes en lingua galega útiles para o seu desempeño profesional.</td></tr>
<tr><td>Definición/ descrición proposta</td><td>Potenciación da figura de Delegados/as de curso como interlocutor e mediador do alumnado.<br>Creación de aulas virtuais de coordinación en cada curso.<br>Organización das Xornadas sobre Recursos educativos en galego para a Educación Social.</td></tr>
<tr><td>Data prevista de finalización</td><td>Novembro 2013</td></tr>
<tr><td>Data inicio</td><td>Setembro 2013</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="2">Responsables</td><td>Usuario responsable da implantación</td><td>Coordinadora da Titulación</td></tr>
<tr><td>Outros responsables da implantación</td><td>Coordinadora da Titulación - Coordinadores/as de curso - delegados/as de cursos - Vicedecana de organización académica</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="5">Tarefa 1</td><td>Código</td><td>AM-4-1</td></tr>
<tr><td>Descrición tarefa</td><td>Acompañamento no proceso democrático de elección de delegados/as: información ao alumnado, implicación dos delegados/as de cursos anteriores, etc.</td></tr>
<tr><td>Data prevista de finalización</td><td>Outubro 2013</td></tr>
<tr><td>Persoa responsable</td><td>Coordinadora da Titulación -Coordinadores/as de curso e delegados/as de cursos anteriores</td></tr>
<tr><td>Usuario responsable</td><td>Coordinadora da Titulación</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| **Tarefa 2** | **Código** | AM-4-2 |
| | **Descrición tarefa** | Activación das aulas virtuais de coordinación para cada curso da titulación |
| | **Data prevista de finalización** | Setembro 2013 |
| | **Persoa responsable** | Coordinadora da Titulación –Vicedecana de organización académica - Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación |
| **Tarefa 3** | **Código** | AM-4-3 |
| | **Descrición tarefa** | Celebración das Xornadas Os recursos educativos en galego para a Educación Social. |
| | **Data prevista de finalización** | Novembro 2013 |
| | **Persoa responsable** | Comisión de Normalización Lingüística da Facultade- Coordinadora da Titulación |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación – Vicedecano Presidente da Comisión de Normalización Lingüística |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-5 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS |
| | Definición | Análise causa | Ampliar as prestacións do Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (SRP) da Facultade |
| | | Definición/ descrición proposta | Melloras no Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (horarios de atención, fondos dispoñibles, espazo de traballo) |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Data inicio | Decembro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Responsables do SRP |
| | | Outros responsables da implantación | Dpto. De MIDE da Facultade –Decanato |
| Tarefa 1 | | Código | AM-14-1 |
| | | Descrición tarefa | - Estabilización e ampliación dos horarios de atención aos usuarios<br>- Catalogación de novos recursos dispoñibles para empréstito |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Persoa responsable | Responsables do SRP |
| | | Usuario responsable | |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |

| | | |
|---|---|---|
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |
| **Tarefa 2** | **Código** | AM-14-2 |
| | **Descrición tarefa** | - Ampliación do espazo de traballo no SRP<br>- Xestión do no novo espazo/optimización dos servizos prestados (consulta en sala)<br>- Difusión do SRP na facultade |
| | **Data prevista de finalización** | Xullo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Dpto. de MIDE da Facultade –Responsables do SRP |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora da Titulación -Responsables do SRP |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |